

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
29 XANEIRO 2023

Benaventuranzas, cambio de rumbo para darlle volta ao mundo...

VER: A pola remontada

- No fútbol ás veces sucede que, ao chegar ao descanso, un equipo descobre que o partido se lle vai das mans e polo tanto hai que reaccionar para non perder o partido. Entón o adestrador inventa unha estratexia totalmente distinta, mete a algúns xogadores que estaban no banco e intentan gañar, intentan a remontada. Xesús no evanxeo de hoxe atópase con tanta xente infeliz, así que lle dá un envorco á maneira de ser e de vivir e indícalles o camiño para ser felices.

Nos noso ambientes, a quen consideramos felices?

2. XULGAR: As benaventuranzas, un cambio de rumbo

- No evanxeo deste domingo Xesús ensínanos un camiño distinto ao que tantas veces buscamos para ser felices. Dinos: ***“Benaventurados os pobres no espírito, porque deles é o reino dos ceos”***.

QUE NOS QUERE DICIR XESUS?

- O domingo pasado embarcabámonos con Xesús, El agora anuncia as benaventuranzas dando un xiro ao temón que dá o volta mundo...
- Xesús descobre que entón como hoxe o que nos move é a **procura de ter** bens materiais, riqueza, pasalo ben, triunfar...
- Xesús quere que os que o seguimos **sexamos felices**.
- Pero **Xesús pon o mundo patas para arriba** e dinos que son felices os pobres, os mansos, os que choran, os limpos de corazón, os misericordiosos, os que se comprometen coa verdade e a xustiza...
- **Por que son felices?** Son felices porque a súa situación de vida vai cambiar, porque se aferran á súa fe, porque saben que Deus non os vai abandonar... Son felices porque se levantan cada día sabendo que non están sos, que Deus escoita a súa angustia e a súa situación cambiará. E por iso levan outra cara, outra forma de mirar, de vivir, de esperar... Ademais saben que “deles é o Reinos dos ceos” e que é Deus o que os fai felices!

***Que vos parece esta proposta de Xesús?
É viable hoxe?***

3. ACTUAR: Déixate conducir por Xesús

- Non te deixes levar pola moda, polos slogans da sociedade, déixate conducir por Xesús. Serás feliz, Xesús farate feliz. Mira que cambio de rumbo necesita a túa vida para deixarche levar por El. E pensa que Deus é consolo, fortaleza.
- Busca a alegría no interior, no corazón, non nas cousas de fóra.
- Non esquezas que ser de Xesús é dar voz aos que o pasan mal, ser artesáns de paz... “Benaventurados os que traballan pola paz” Xornada da paz, 30 de xaneiro.

En que poderías mellorar? Que imos facer?

LECTURAS

- **SOFONÍAS 2, 3; 3, 12-13: *Deixarei no medio de ti un pobo humilde e pobre.***

Buscade o Señor os humildes da terra, os que practican o seu dereito, buscade a xustiza, buscade a humildade, quizais poidades resgardarvos o día da ira do Señor. Deixarei en ti un resto, un pobo humilde e pobre que buscará refuxio no nome do Señor. O resto de Israel non fará máis o mal, non mentirá nin haberá engano na súa boca. Pastarán e descansarán, e non haberá quen os inquiete.

Palabra do Señor.

SAL. 145: R/. Benaventurados os pobres no espírito, porque deles é o reino dos ceos.

- **1ª CORINTIOS 1, 26-31: *Deus escolleu o débil do mundo.***

Fixádevos na vosa asemblea, irmáns: non hai nela moitos sabios no humano, nin moitos poderosos, nin moitos aristócratas; senón que, o **necio do mundo escolleuno Deus** para humillar os sabios, e o débil do mundo escolleuno Deus para humillar o poderoso. Aínda máis, escolleu a xente baixa do mundo, o desprezable, o que non conta, para anular o que conta, de modo que ninguén poida gloriarse en presenza do Señor. A el débese que vós esteades en Cristo Xesús, o cal se fixo para nós sabedoría de parte de Deus, xustiza, santificación e redención. E así —como está escrito—: «*o que se glorie, que se glorie no Señor*».

Palabra do Señor.

- **MATEO 5, 1- 12: *Benaventurados os pobres.***

Narrador: Naquel tempo, ao ver Xesús o xentío, subiu ao monte, sentou e achegáronselle os seus discípulos; e, abrindo a súa boca, ensinábaos dicindo:

Xesús: «**Benaventurados os pobres no espírito**, porque deles é o reino dos ceos. Benaventurados os mansos, porque eles herdarán a terra.

Benaventurados os que choran, porque eles serán consolados. Benaventurados os que teñen fame e sede da xustiza, porque eles quedarán saciados.

Benaventurados os misericordiosos, porque eles alcanzarán misericordia. Benaventurados os limpos de corazón, porque eles verán a Deus.

Benaventurados os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus. Benaventurados os perseguidos por causa da xustiza, porque deles é o reino dos ceos.

Benaventurados vós cando vos insulten e vos persigan e vos calumnien de calquera modo pola miña causa. Alegrádevos e divertídevos, porque a vosa recompensa será grande no ceo».

Palabra do Señor.

(Narrador- Xesús)